

## PERDA DE AVALIACIÓN CONTINUA NOS CICLOS FORMATIVOS

De conformidade co *artigo vinte e cinco da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional* e coas correspondentes *Resolucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, polas que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo*, o alumnado acadará a PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA nun determinado módulo formativo cando acumule un 10% de inasistencias inxustificadas con respecto da súa duración total.

Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no NOF (Normas de organización e funcionamento) do centro.

Entenderase por faltas xustificadas as seguintes, sempre que se achegue o documento xustificativo correspondente nun prazo máximo de cinco días lectivos logo da súa incorporación:

### Motivo

Deber inescusable:

- Intervención como membro dun Xurado
- Intervención como testemuña nun Xuízo
- Asistencia a Xuízo como demandante

Polo tempo indispensable para a asistencia a exames oficiais finais.

Polo tempo indispensable para a asistencia médica en Atención Primaria nos Servizos Públicos de Saúde.

Polo tempo indispensable para a asistencia médica con cita programada en Atención Especializada nos Servizos Públicos de Saúde.

Tres días lectivos polo falecemento ou hospitalización, intervención cirúrxica, accidente ou enfermidade grave de parentes, incluídos os da parella de feito, ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade.\*

Polo tempo necesario para a recuperación tras hospitalización, intervención cirúrxica, accidente, enfermidade grave ou indicación de repouso domiciliario propio

Ata corenta días naturais como tempo de posparto de recuperación psicofísica.

Ata un máximo de dez días lectivos por curso por contratos de traballo sobrevidos que imposibiliten a asistencia ás clases.

### Documento xustificativo

*Citación formal.*

*Certificación da asistencia ao exame.*

*Nota de cita con hora de entrada e saída e/ou informe médico que aconselle a inasistencia ás clases.*

*Xustificante da cita programada e da asistencia á consulta.*

*Xustificante do falecemento ou da hospitalización.*

*Xustificante da hospitalización, intervención, enfermidade ou repouso domiciliario, e/ou informe médico de incapacidade temporal, explicitando a temporalidade da incapacidade.*

*Xustificante da hospitalización ou informe médico da matrona ou xinecóloga-o que recolla o tempo recomendado de repouso.*

*Copia do contrato de traballo.*

---

\* *Ata o segundo grado de parentesco por consanguinidade ou afinidade comprende: cónxuxe, pai/nai, fillos/as, xenro, nora, avó e avoa, irmáns, cuñados e cuñadas, netos e netas.*